

Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión e expresión oral

#### 1A. escoita o texto e contesta estas preguntas.

- Que lle gusta moito facer a Raúl?

---


---

- Con quen vai?

---

---

- Debuxa como imaxinas ti o que oíches no texto.



Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_ Data: \_\_\_\_\_

### Comprensión lectora

Había unha vez un lugar afastado de toda civilización e cultura, un lugar máxico e terrible: a fraga da Costa Verdescente.

Alí vivían lobos, xabarís, raposas, teixos e todos cantos animais existían nunha fraga atlántica; así como os centos e centos de aves que gustaban das temperaturas frías e dos lugares inhóspitos.

O gardián de todos eles, Chorón, era un moucho moi particular, único na súa especie.

—Seres que habitades na fraga da Costa Verdescente, a levantarse! —ouleou a ave.

—E este quen é para acordarnos dese xeito, aínda non ben estaba prendendo no sono...? —preguntou o cuco Tapacú, amolado.

—Non o coñeces? —falou Madalena, ave que pertencía á estirpe das curuxas.

-Non -dixo Tapacú.

—Oes, Chorón, aquí hai un paxaro que non te coñece —acusou Madalena.

—Seguro que nunca oíches falar de min? —preguntou o moucho dubitativo.

—Agora non caio —mentía o cuco.

A Chorón todas as aves o coñecían, por ser o xefe. Tamén por ser moi serio, moi madrugador e moi sabio.

—Non o vas a coñecer —falou Madalena—. Chorón é o máis famoso de todos os animais da fraga.

—Se cadra non son tan famoso como ti pensas —aventurou Chorón.

—É famosísimo. Non só no universo, e nas galaxias e na Internet... —informou Madalena, peloteira coma sempre.

—Tanto? —dubidaba Chorón.

—Tanto ou máis aínda. De todos xeitos, que podes esperar das aves que non incuban nin os seus propios ovos? —insultou Madalena.

—Sen ofender, señora —defendeuse Tapacú.

—E a este, xa me encargo eu de largalo, descoida. Veña, amigo, imos, pon as ás a funcionar que che agarda unha boa viaxe!

—Ti cres que merece a expulsión? —dubidou Chorón.

—A expulsión e incluso o desterro —falou Madalena dirixíndose ao cuco.

—Uuuuhhhh! —ouleou Chorón de novo.

Era a segunda chamada dos seres nocturnos. Aqueles que non se levantaran na primeira chamada, tiñan que irse erguendo.

Chegara a noite e, con ela, a actividade secreta dos centos e centos de seres que vivían na fraga da Costa Verdescente. Seres que temían a luz do sol e amaban o brillo da lúa e das estrelas, mamíferos, anfibios, réptiles, aves, insectos, vermes, ...

Ánxela GRACIÁN

<b>Nome:</b> _____ <b>Curso:</b> __ <b>Data:</b> _____
--

**Comprensión lectora**

**1A. Une as palabras co seu significado.**

- |         |  |
|---------|--|
| Incubar | Terreo onde hai moitas árbores.            |
| Fraga   | Ascendencia dunha familia.                 |
| Estirpe | Manter a calor dun ovo para que eclosione. |

**2A. Cal é o nome da fraga?**

---

---

**3A. Por que lles gustaba ás aves vivir nunha fraga atlántica?**

---

---